



Estrada de Portugal, 27
32870 ó Lobios ó Ourense (España)
P ó 3204300 ó B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE LOBIOS A VINTE E SEIS DE SETEMBRO DE DOUS MIL DEZASEIS

No Salón de Plenos da Casa Consistorial do Concello de Lobios, sendo as doce horas do día vinte e seis de setembro de dous mil dezaseis, tras a correspondente convocatoria, e baixo a presidencia da Sra. Alcaldesa-Presidenta, Dna. María del Carmen Yáñez Salgado, tivo lugar a sesión extraordinaria do Pleno deste Concello que contou coa asistencia dos/as seguintes Concelleiros/as:

- Jesús Rodríguez Rodríguez
- Domingo Veloso Silva
- Prudencio Pérez Pérez
- Elsa Susana Pena Fernández
- Manuel López Álvarez
- Juan Manuel Ferreira Ferreira
- David Fernández Delgado
- Manuel Fernández Vázquez

Actúa como Secretaria, a da Corporación, D^a Marta Izquierdo Gamallo.

Sendo a hora sinalada pásase a tratar os asuntos que conforman a orde do día que foron legal e previamente notificados.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2015.

Por parte da Alcaldía pásase a explicar aos/ás presentes como a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2015 foi formada pola Intervención municipal con todos os seus documentos, e ditaminada favorablemente pola Comisión Especial de Contas, a continuación foi exposta ao público durante o prazo legalmente previsto, sendo preciso a continuación proceder á súa aprobación polo Pleno municipal. Informa acerca da necesidade de aprobar e render as contas dentro do prazo legal, en particular para poder obter subvencións.

Toda a documentación estivo a disposición dos Sres./as Concelleiros/as, dándose copia a D. Francisco Veloso González e D. Juan Manuel Ferreira Ferreira.

Tras a intervención da Alcaldía toma a palabra o Sr. Ferreira Ferreira quen pon de manifesto que revisou a documentación e que hai moitas cousas coas que non está de acordo e outras que non entende.

Non habendo mais observacións ao respecto, procédese logo á votación do asunto proposto sendo aprobado co resultado seguinte:

- Votos a favor: seis (PP)
- Votos en contra: tres (PSdG-PSOE)
- Abstencións: cero

Resulta adoptado o seguinte acordo:

Visto o expediente tramitado para a aprobación da Conta Xeral correspondente ao exercicio 2015, formada pola Intervención municipal e ditaminada favorablemente pola Comisión Especial de Contas, reunida en sesión de data 18 de agosto de 2016, tras ser exposta ao público mediante anuncio insertado no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e no Taboleiro de Edictos da Corporación durante o período regulamentario. Seguido o trámite e procedemento legalmente establecido nos artigos 208 a 212 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais.



Estrada de Portugal, 27
32870 ó Lobios ó Ourense (España)
P ó 3204300 ó B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

En virtude das atribucións conferidas a esta Alcaldía pola Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, a Corporación en Pleno adoptou o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a Conta Xeral do exercicio 2015, integrada pola da propia entidade local así como os seus anexos e xustificantes.

Segundo.- Unha vez aprobada a Conta Xeral, renderase, por vía telemática, ante o Consello de Contas de Galicia e Tribunal de Cuentas.

SEGUNDO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA DESIGNACIÓN DE XUÍZ DE PAZ TITULAR DO CONCELLO DE LOBIOS.

Por parte da Alcaldía sométese á consideración dos presentes a súa proposta en relación coa designación de Xuíz de Paz titular do Concello de Lobios, unha vez rematado o período de catro anos de vixencia do cargo de titular e substituto, publicouse a convocatoria e durante o prazo de achega de solicitudes solo se recibiu unha, a da persoa que desempeña actualmente o cargo.

Non habendo alegacións ao respecto, procédese logo á votación do asunto proposto sendo aprobado co voto favorable da unanimidade dos/as presentes.

Resulta adoptado o seguinte acordo:

Considerando o escrito do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia con sede en A Coruña, de data 15 de xuño de 2016, polo que se comunica que, estando próximo a vencer o período de catro anos polo que se nomeou xuíz de paz titular e substituto deste Concello, se inicie novo expediente para designar Xuíz de Paz Titular e Substituto segundo prevé a LO 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Visto o informe xurídico de Secretaría de data 9 de agosto de 2016.

Vista a convocatoria pública efectuada pola Alcaldía e publicada no Taboleiro de Edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia núm. 192 de data 22 de agosto de 2016.

Vista a única solicitude achegada en relación co cargo de Xuíz de Paz Titular de data 8 de setembro de 2016.

Visto que durante o prazo de exposición ao público non se achegaron solicitudes en relación co cargo de Xuíz de Paz Substituto.

Visto o disposto no artigo 101.2 e 4 da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial, para os supostos nos que non haxa interesados/as para exercer o cargo.

A Corporación en Pleno adoptou o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar a elección como Xuíz de Paz Titular deste Concello a D. JOSÉ PÉREZ RODRÍGUEZ, con DNI núm. 38.005.035-L, nacido en Lobios (Ourense), con data 28 de maio de 1941, ao considerar que é persoa idónea que reúne as condicións dos artigos 102 e 302 da Lei Orgánica do Poder Xudicial e non está incurso en ningunha das causas de incapacidade, incompatibilidade ou prohibición previstas nos artigos 389 a 397 da mesma Lei, proponendo o seu nomeamento á Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia con sede en A Coruña, por conduto do Xulgado de 1ª Instancia e Instrución de Bande, de conformidade co previsto no artigo 7 do Regulamento dos Xuíces de Paz, aprobado por Acordo do Consello Xeral do Poder Xudicial de 7 de xuño de 1995 (BOE de 13 de xullo de 1995).

SEGUNDO.- Poñer en coñecemento do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia a imposibilidade de designar Xuíz de Paz Substituto ao non haber persoa interesada en desempeñar o referido cargo, aos efectos de continuar a tramitación do expediente conforme dispón o artigo 101.4 da LOPX.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ao interesado.



Estrada de Portugal, 27
32870 ó Lobios ó Ourense (España)
P ó 3204300 ó B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

TERCEIRO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CESIÓN DE USO DA PLANTA BAIXA DO EDIFICIO 'CASA DO MÉDICO' A FAVOR DE DÑA. ANA MARÍA GONZÁLEZ FERREIRA DESTINADA A CASA NIÑO.

En relación con este punto da orde do día, e previamente consultado coa Secretaria-Interventora antes da celebración da sesión por cuestión de parentesco, o Sr. Concelleiro, D. Juan Manuel Ferreira Ferreira, manifesta a súa vontade de absterse no presente asunto.

Explica a Secretaria-Interventora que de conformidade co disposto no artigo 28 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, serán motivos de abstención o parentesco por consanguinidade ata o cuarto grado e por afinidade dentro do segundo grado. Segundo o parentesco manifestado polo Sr. Concelleiro, —a interesada sería prima segunda del—, non concorrería causa de abstención, polo que debería basear a súa abstención en calquera dos outros motivos que contempla a Lei, como a amizade íntima ou inimidade manifesta coa interesada, entre outros.

Tras a intervención da funcionaria o Sr. Ferreira Ferreira mantén a súa vontade de absterse sen chegar a concretar o motivo.

A continuación procede a Sra. Alcaldesa a explicar aos/ás presentes que esta proposta esta baseada nun programa piloto da Xunta previsto para nenos/as de 0 a 3 anos, e que houbo tres solicitudes interesadas en levalo a cabo. A axuda foi concedida a favor de Dña. Ana María Glez. Ferreira quen solicita agora a cesión de uso do local municipal por un período de tres anos, que coincide co período subvencionable, e que será preciso ademais facer certas reformas no local para adaptalo ás necesidades concretas da actividade que se pretende desenvolver.

Tras a lectura da proposta da Alcaldía, toma a palabra o Sr. Concelleiro do grupo popular, D. Domingo Veloso Silva, para manifestar o seu desacordo co límite no número de cinco nenos/as, ao que lle responde a Sra. Alcaldesa que o límite no número de nenos/as establécese en función do número de coidadores/as.

Pola súa parte, o Sr. Concelleiro do grupo socialista, D. David Fernández Delgado, expresa tamén o seu desacordo coas limitacións que establece o programa piloto na actividade tanto no límite do número de nenos/as como cos problemas que se poden dar no suposto de ausencia puntual do/a coidador/a.

Explica a Sra. Alcaldesa que a Xunta ofreceu aos concellos do rural iniciativas para desenvolver propostas laborais conciliando coa vida familiar. Con este programa piloto preténdese comprobar como funciona. Que unha gardería precisaría entre 20 e 25 nenos/as e Lobios non os ten.

Contéstalle o Sr. Fernández Delgado que Bande e Muíños teñen gardería sen ter o número mínimo de nenos/as.

A Alcaldía manifesta o seu desexo de que para o vindeiro ano haxa outra casa niño. Informa ademais que a interesada será autónoma e terá que ver pola cobertura do seu posto de traballo para aqueles supostos de ausencia, e os/as nenos/as terán que adaptarse a quen veña a substituíla. Continúa sinalando que este tipo de iniciativas están moi estendidas por Europa onde se levan a cabo na propia vivenda do/a interesado/a, pero aquí isto causaba certo rexeitamento polas nais e pais, de aí que se optase por usar un edificio público.

Non habendo mais alegacións ao respecto, procédese logo á votación do asunto proposto sendo aprobado pola unanimidade dos/as Sres. Concelleiros/as presentes, coa abstención do Sr. Concelleiro D. Juan Manuel Ferreira Ferreira.

Resulta adoptado o seguinte acordo:

Vista a solicitude achegada no Concello por Dña. Ana María González Ferreira, con DNI núm. 44.464.136-F, en tanto beneficiaria dunha axuda económica concedida pola Consellería de Política Social para a posta en marcha dunha experiencia piloto destinada á atención de nenas e nenos entre os tres meses e os tres anos de idade mediante o establecemento dunha Casa niño no Concello de Lobios, con data 20 de setembro de 2016, e rexistro de entrada núm. 1680, interesando do Concello de Lobios a cesión gratuíta do uso da planta baixa do inmovible coñecido como 'Casa do Médico' durante un período de tres anos.



Estrada de Portugal, 27
32870 ó Lobios ó Ourense (España)
P ó 3204300 ó B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

Considerando o carácter positivo desta iniciativa, enmarcada na protección da maternidade coa finalidade de que non constitúa unha discriminación gravosa para a muller, e na adopción de medidas que garantan a igualdade entre mulleres e homes e possibiliten a conciliación entre a vida persoal, familiar e laboral, garantindo o apoio ás familias como núcleo fundamental da nosa sociedade; e tendo en conta as posibilidades do Concello de contribuír a tales accións procurando un local acondicionado para tal fin.

O Concello Pleno adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Ceder a favor de Dña. Ana María González Ferreira, con carácter gratuito, o uso da planta baixa do edificio coñecido como 'Casa do Médico' por un período de tres anos. A cesión estará vinculada en todo caso á posta en marcha e mantemento do servizo Casa Niño para a atención de nenas e nenos entre os tres meses e os tres anos de idade.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo á interesada.

CUARTO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS TC-03/2016. DIFERENTES ÁREAS DE GASTO.

Por parte da Sra. Alcadesa se procede a lectura da súa proposta en relación co expediente de modificación de créditos núm. TC-03/2016 baixo a modalidade de transferencia de crédito entre diferentes áreas de gasto para atender aos seguintes gastos non previstos inicialmente no orzamento para o exercicio 2016:

- Arranxo de muros en Guende e A Regada.
- Anchar camiño en A Fábrica.
- Cartel de Augas de Galicia. Mellora de abastecementos.

Os Sres. Concelleiros do grupo socialista, D. David Fernández Delgado e D. Juan Manuel Ferreira Ferreira, manifestan que podería haber outras cousas pero que se estes asuntos son urxentes non hai problema. O mesmo sostén o Sr. Concelleiro, D. Manuel Fernández Vázquez.

Non habendo mais alegacións ao respecto, procédese logo á votación do asunto proposto sendo aprobado pola unanimidade dos/as Sres. Concelleiros/as presentes.

Resulta adoptado o seguinte acordo:

Visto o expediente tramitado para a aprobación da modificación de créditos núm. 03/2016, coa modalidade de transferencia de crédito entre aplicacións orzamentarias correspondentes a distintas áreas de gasto, no que consta informe de Secretaría-Intervención de data 20 de setembro de 2016.

Considerando a necesidade de levar a cabo esta modificación orzamentaria para poder atender a diversos gastos correntes así como de investimento que non poden demorarse ata o vindeiro exercicio, a Corporación Pleno adoptou por unanimidade o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 03/2016, baixo a modalidade de transferencias de crédito non comprometidos entre aplicacións orzamentarias pertencentes á distinta área de gasto, de conformidade co detalle seguinte:

Baixas en partidas de gasto

Aplicación orzamentaria	Denominación	Crédito inicial	Minoración
341.609	'Sinalización homologada Rutas BTT Serra do Xurés'	24.939,07	4.000,00
Total baixas en créditos			4.000,00



Estrada de Portugal, 27
32870 ó Lobios ó Ourense (España)
P ó 3204300 ó B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

Altas en partidas de gasto

Aplicación orzamentaria	Denominación	Crédito inicial	Incremento
151.210	Infraestrutura e bens naturais. Arranxo de muros en Guende e A Regada	20.000,00	2.000,00
151.210	Infraestrutura e bens naturais. Anchear camiño en A Fábrica	20.000,00	1.177,20
161.619	Outros investimentos en infraestrutura. Cartel Augas de Galicia. Melloras abastecementos	2.662,00	822,80
Total altas en créditos			4.000,00

SEGUNDO.- Expoñer este expediente ao público mediante anuncio no Taboleiro de Edictos da Corporación e no BOP de Ourense, por un prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e achegar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

E non habendo mais asuntos que tratar a Sra. Alcaldesa-Presidenta, levanta a sesión cando son as doce horas e trinta e cinco minutos do día anteriormente sinalado, do que eu como Secretaria dou fe.

A Presidenta

A Secretaria-Interventora

María del Carmen Yáñez Salgado

Marta Izquierdo Gamallo